

ACTA Nº 01-2012
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL
- DIA 03/01/2012

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes :

ADELINA CES QUINTANS (BNG)
XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)
Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)
CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)
JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)
Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)
ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)
Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)
JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)
Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP)
ELISA BOUZAS VICENTE (PP)
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)
SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)
JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)
ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Concelleiros ausentes:

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Mª Belén Rodríguez Tourón

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:01 horas** reúnen os/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

Constatada a presenza de todos os seus membros e polo tanto a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDEN DO DÍA:

- 1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: do 24/11/2011 e 29/11/2011.
- 2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.
- 3º.- REDUCCIÓN DAS LICENZAS DE AUTOTURISMO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VEHÍCULOS DE ALUGER.
- 4º.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE VEHICULOS DE ALUGER DO CONCELLO DE RIANXO (AUTO-TURISMOS)
- 5º.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL RESPECTO DA FICHA 17 (Centro médico de Taragoña) PREVIO Á CESIÓN DE PARCELA CO EDIFICIO.
- 6º.- MOCIONS DE URXENCIA.
- 7º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACION DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES

Acta Nº 18 Sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2011.

A Presidencia preguntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Jose Carlos Gey Hermo apunta unha rectificación na paxina 11 da acta, cando di: "...En calquera caso é unha menudencia entre as facturas presentadas xa que hainas de importes de grandes empresas e algunha tan importante como as de 123.670,14€ correspondente ao edificio administrativo que se fixo. O importante é pagalas, que non haxa enriquecemento inxusto. Con esta liña haberá un prazo de 3 anos para facer

fronte ás facturas.” , aclara que realmente o dito foi: “...En calquera caso é unha menudencia entre as facturas presentadas xa que hainas de importes como as de 123.670,14€ correspondente ao edificio administrativo que se fixo construído e que debemos pagar previamente para cobrar os 175.000,00€ que adebeda a Xunta de Galicia ao concello por este concepto. Ningunha das facturas corresponden a grandes empresas senon que todas son de pequenas e medianas empresas e de autónomos. Con esta liña axilizase o pago destas facturas tendo tres anos para a amortización do crédito ICO”.

A Secretaria, previa indicación de que segundo a normativa (artigos 50 do RD 781/1986 e 109.1.g. RD 2568/1986) recollerá sucintamente ou de xeito sintetizado o sentido das intervencións, admite a corrección como aclaración.

Non habendo máis observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada ca rectificación sinalada, por unanimidade dos presentes.-

Acta Nº 19 Sesión extraordinaria urxente do día 29 de novembro de 2011.

A Presidencia pregúntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.-

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de novembro de 2011 ata o 30 de novembro de 2011, que comprenden os números 1278/2011 ao 1331/2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación:

- Acta Nº 24 Sesión extraordinaria do día 24 de novembro de 2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- REDUCCIÓN DAS LICENZAS DE AUTOTURISMO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VEHÍCULOS DE ALUGER...-

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Este concello dispón de 29 licenzas de autoturismo segundo figura no libro rexistro no que se deixa constancia destas e das súas incidencias.

No seu momento ese número de licenzas respondía as necesidades de comunicación de transporte que a día de hoxe xa non concorren debido a maior número de automóviles particulares así como a liña de autobuses existente. De feito, un informe da Policía Local re-

velou a non prestación do servizo de autoturismo pola meirande parte dos titulares delas, isto a parte da baixa xa reflectida no libro doutras tres.

Examinada a situación real de prestación e atendendo ao estipulado no Regulamento nacional de servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóbiles lixeiros, aprobado polo Real decreto 763/1979, concretamente aos seguintes preceptos:

- artigo 17: que determina a obriga do titular da licenza de explotala persoal ou colectivamente, ou mediante conductor asalariado, procedendo de non ser así a transmitila ou formular renuncia para no perxudicar os intereses públicos.
- artigo 48 indica que entre as causas para revogar e retirar as licenzas aos seus titulares serían, entre outras: <Deixar de prestar servizo ao público durante trinta días consecutivos ou sesenta alternos durante o período dun ano, agás que se acrediten razóns xustificadas e por escrito ante a Corporación Local. O descanso anual non permitira ao mesmo tempo estén de vacacións mais do 10 % dos titulares de licenzas.>>

Tras comunicar aos titulares das licenzas inactivas, ou no seu lugar aos seus causahabentes, a incoación do expediente de caducidade ou revogación das licenzas mediante as respectivas resolucións de Alcaldía, outorgándolles un prazo de 15 días para formular as alegacións que estimaran oportunas e achegar a documentación que considerasen, ou renunciar expresamente a dita licenza, e coa advertencia de que de non presentar nada en prazo, revogaríase a licenza, coas consecuencias que implica e posterior anotación no Libro Rexistro.

Non presentada alegación nin documentación ningunha respecto das ditas licenzas no prazo indicado, dictáronse as resolucións núm. 708 a 729, todas do día 19/05/2011, polas que se revogaban un total de 22 licenzas de autoturismo (as núm. 1, 3, 6, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 16, 17, 18, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28 e 29), o que se notificou aos seus interesados co réxime de recursos, sen ter comunicación de que se promovera ningún.

Revogadas ou caducadas as licenzas sinaladas, e figurando de baixa as núm. 4, 5 e 15 por diversos motivos, atopámonos con 22 licenzas sen titular.

REXISTRADAS	De baixa	Revogadas	Activas	Sen titular
29	3	22	4	22

Cómpre entón dilucidar a necesidade do mantemento do servizo con total do número de licenzas existentes, e que estase a prestar realmente con catro licenzas en activo.

O Tribunal Supremo, en Sentenza do 23/03/1993, confirma a potestade que asiste a cada concello para apreciar as ditas necesidades, se ben na sentenza do 13/02/1993, puntualiza que non se trata dunha discrecionalidade absoluta xa que logo hanse de cumprir certas formalidades e criterios, de igual xeito que interveñen no outorgamento de novas licenzas, como son os previstos no artigo 11 do Real decreto 763/1979: audiencia as Asociacións profesionais representativas do sector e a coordinación coa administración autonómica por un prazo de 15 días hábiles.

Trala providencia desta Alcaldía do 02/11/2011 e emisión do informe de Secretaría do 03/11/2011 levouse a cabo o trámite de audiencia referido mediante escritos remitidos á Federación Galega do Taxi e á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (RXS nº 6005 e 6006, respectivamente) sen que se recibira contestación no prazo que se estendeu ata o 05/12/2011 e incluso ata hoxe.

O lóxico é que a potestade para crear ou reducir licenzas para este servizo público, aínda que impropio ou virtual, estea orientada á promoción do interese público co análise da si-

tuación do servizo e colectivo a atender (STS 25/09/1995), e non en función doutra finalidade distinta por encomiable que sexa. Polo exposto, do total das 26 licenzas de alta no libro de rexistro enténdese que procede reducir o seu número a un máximo de 11, o que se correspondería co límite que a Comunidade Autónoma de Galicia autorizaría, de ser o caso, para a prestación do transporte interurbano, conforme á ratio de unha por cada mil habitantes (Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos)

A conveniencia desta redución está fundamentada maioritariamente nas necesidades reais do servizo, non implicando esta unha repercusión no conxunto do transporte e da circulación, ambos motivos recollidos no artigo 11 do Real decreto 763/1979, sen afectar á calidade e extensión dos medios de transporte e considerando a distribución xeográfica e demográfica deste municipio e as vías de comunicación existentes. E todo partindo de que estase a prestar nos últimos anos por 4 licenzas e preténdese manter un número de 7 mais que se estima suficiente para o caso de verse incrementadas as necesidades deste.

Así as cousas, suprimíranse as núm. 12, 13, 14, 16, 17,18, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 (un total de 15), co cal a situación das licenzas neste concello sería a seguinte:

Rexistradas	De baixa	A suprimir	A manter (por estar activas)	A licitar
29	3 (Núm.4,5,15)	15 (núm. 12, 13, 14, 16, 17,18, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29)	4 (núm.2,7,19 e 20)	7 (núm. 1,3,6,8,9,10,11)

Ao tratarse dun aspecto relativo á prestación do servizo, intrinsecamente relacionado con como se estableceu, e sendo o establecemento dun servizo unha competencia plenaria (art. 22 e 86.2 LBRL) que en caso de estar municipalizado en réxime de monopolio sería por maioría absoluta (art.47 LBRL) cómpre sometelo a dito órgano e acadar dita maioría legal.

Esta Alcaldía, ao abeiro do estipulado na normativa sinalada, e co fin de regularizar e garantir a prestación deste servizo publico dentro das esixencias legais propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Reducir as licenzas de autoturismo deste concello de 29 a 11, suprimíndose as licenzas número 12, 13, 14, 16, 17,18, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29.

Debido a que non existen titulares destas licenzas non ten lugar indemnización ningunha.

Segundo: Facer constar dito acordo no libro rexistro deste servizo.

Terceiro: Comunicar este acordo á Federación Galega do Taxi e á Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.->>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCION CIVIL E MEDIOAMBIENTE do día 30/12/2011, sendo este favorable.

O Alcalde explica a necesidade de regularizar o servizo, e así poder licitar a posteriori as vacantes, tamén por isto tráese o outro punto da orde do día sobre o regulamento do servizo.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran, di que observou que non houbo alegacións, e incluso que algúns dos anteriores titulares faleceran, polo que ve a necesidade de reducir o servizo pero sempre que logo se preste por aqueles que resulten, xunto os actuais, futuros adxudicatarios das licenzas, que non queden de novo nunha caixa para unha posible transmisión aos seus herdeiros. Tamén di que viu os expedientes de revogación das licenzas mencionadas polo motivo da falta de prestación do servizo, e que neles deuse audiencia aos titulares ou, no seu defecto, herdeiros. En consecuencia, estima xustificada a proposta presentada.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que é un tema que preocupou ao anterior goberno e así se iniciaron daquela os trámites, tralo que resultou que soamente 4 están en activo, e a intención acorde coa normativa autonómica é deixar once licenzas en correspondencia coa poboación do municipio.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, expresa o apoio do BNG xa que logo é un servizo menos demandado que antes e cos 4 existentes e as que se licitaran de entre as vacantes pódese prestar o servizo e ofrecer esta variante de transporte.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 17 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA por unanimidade** nos termos desta.-/

4.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE VEHICULOS DE ALUGER DO CONCELLO DE RIANXO (AUTO-TURISMOS)

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<< En consonancia co establecido no Regulamento nacional de servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóviles lixeiros (en diante RTUIA), aprobado polo Real decreto 763/1979, e considerando necesario a regulación da prestación deste servizo ao abeiro do artigo 297 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, polo que se atribúe ás Entidades Locais plena potestade para constituír e modificar os servizos da súa competencia e proceder a regulamentalos, determinándose asemade o réxime estatutario dos seus usuarios.

A prestación do servizo de vehículos de aluguer con condutor (autoturismos) é de competencia local, e é ao concello ao que lle corresponde regulalo de conformidade co disposto no RTUIA así como en atención á lei 6/1996, de 09 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia.

É certo que actualmente estase a elaborar unha nova norma pola Comunidade Autónoma de Galicia para adecuala as necesidades e demandas de hoxe, tal e como puxo de manifesto o Parlamento galego na disposición derradeira 2ª da Lei 1/2010 -con ocasión da adaptación á Directiva 2006/123/CE- establecendo un mandato legal nese sentido, no entanto, e ata que dita lei sexa aprobada e entre en vigor, estímase necesario a regulamentación, aínda que sexa sinxela, do servizo.

De prosperar esta proposta e unha vez entre en vigor o regulamento, o concello porá en marcha o concurso para a adxudicación das licenzas de autoturismo que estén vacantes.

Incorporado o día 19/12/2011 informe sobre os trámites procedimentais de Secretaria.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente o REGULAMENTO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VEHICULOS DE ALUGER CON CONDUTOR (AUTOTURISMOS, cuxo texto se achega con esta proposta.

Segundo: Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias polos interesados.

Comunicar á Asociación Profesional representativa dos profesionais prestadores do servizo.

Terceiro: De haber alegacións, resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

ANEXO

REGULAMENTO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VEHICULOS DE ALUGER CON CONDUTOR (AUTOTURISMOS)

Artigo 1.- Competencia.

É competencia do Concello de Rianxo a ordenación e regulación do servizo urbano de transporte en automóviles lixeiros á que se refire o Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, así como do servizo interurbano en coordinación co órgano autonómico correspondente.

Artigo 2.- Obxecto

O obxecto deste regulamento cínquese exclusivamente ao servizo de vehículos de auto-turismo, isto é, a aqueles que prestan o servizo sen contador taxímetro.

Artigo 3.- Fundamento

O fundamento desta regulamentación reside na competencia municipal para a prestación do servizo e especialmente nos cometidos especificados nos preceptos 21 e 40 do RD. 763/1979, segundo os que a entidade local fixará a parada dos vehículos deste tipo así como o número máximo dos que poden concorrer a cada parada, o xeito en que estacionar nelas e a orde na recollida dos demandantes do servizo, e asemade a ordenación do servizo no tocante a horarios, calendarios, descansos e vacacións.

Artigo 4.- Paradas do servizo e orde de colocación

A) Fíxanse para o estacionamento de vehículos destinados ao servizo público de transporte de viaxeiros, con licenza municipal de autoturismo os seguintes lugares:

- Parada de Rianxo: Na Praza de Castelao, na zona delimitada mediante sinalización vertical, fronte ao edificio do Cuartel Vello.

- Parada de Taragoña: Na Praza de Campo de Pazos, na zona delimitada por sinalización vertical.

Isto sen prexuízo de que a situación das paradas queda supeditada a calquera modificación que o concello determine con ocasión dos distintos actos e usos a realizar nas vías en que se sitúan.

B) En todas as paradas estacionarase por orde de chegada, desprazándose hacia adiante os primeiros postos por orde de chegada conforme van saíndo os anteriores cando quede espazo dunha praza libre diante do primeiro vehículo.

C) Considerase perdido o posto e lugar que se ocupa cando o vehículo saía da posición que ocupa na parada, non podendo dar marcha a atrás nela, e sempre que houbera outro vehículo detrás disposto a ocupala.

Artigo 5.- Habilitación para a prestación do servizo

1. O servizo prestarase unicamente por aqueles que estén habilitados coa correspondente licenza municipal, e chegado o caso, autorización autonómica para o servizo interurbano.
2. Para tal fin estarán identificados co escudo municipal no centro da porta dianteira e o número de licenza.
3. Os vehículos provistos da correspondente licenza deberán concorrer á súa parada, sendo causa de avogar a licenza a non prestación do servizo durante 60 días, previa tramitación do expediente correspondente e causa xustificada.

Artigo 6.- Orde de prestación do servizo

1. Cando un usuario se persone en calquera das paradas para recibir o servizo de autoturismo, tomará o vehículo estacionado en primeiro lugar, e si se dirixise a calquera outro taxista, este deberá indicarlle ao usuario, que debe de tomar o anterior a el na parada.
2. Cando a través dunha chamada telefónica se requira a un taxista que se atope na parada, quen asista a dita chamada deberá comunicalo ao interesado para que a poda atender.
3. Se despois de atender unha chamada telefónica o requirido non estivera, e o que a atendeu tampouco estivera dispoñible para saír no momento solicitado, o comunicará aos compañeiros que corresponda que estén presentes na parada.
4. En caso de que coincidan, unha chamada de teléfono e un usuario na parada para realizar un servizo, se atenderá, en primeiro lugar ao usuario que está presente, e o seguinte taxista atenderá ao da chamada.

Artigo 7.- Servizo nocturno

Fixase un servizo nocturno mínimo de garda, integrado por un titular, das 23,00 ás 06,00 horas, con carácter rotativo de forma semanal de luns a domingo, entre todos os titulares con licenza municipal de auto-turismo.

Estes serán os responsables de realizar os servizos no horario sempre que sexan requiridos a través do teléfono de garda.

Artigo 8.- Estacionamento do vehículo

- A) Ningún taxista poderá deixar o seu vehículo estacionado nas paradas descritas neste regulamento cando non vaia a prestar un servizo.
- B) Ningún taxista poderá deixar o seu vehículo estacionado nas paradas descritas neste regulamento cando vaia realizar calquera xestión no caso en que na parada non estivera outro compañeiro en disposición de prestar o servizo, debendo comunicar a súa marcha ao compañeiro/s con vehículos mais próximos ao seu.

Artigo 9.- Recusación de usuarios

- A) Todos os taxistas recusarán levar a un cliente, si éste é debedor de calquera de eles, a non ser que no acto satisfaga a súa débeda.
- B) Cando chegue un usuario a calquera das paradas, con intención de recibir un servizo, e por motivos personais o titular da licenza que lle corresponda non queira realizalo este consentirá que o servizo o preste outro compañeiro, e así sucesivamente, debéndose prestar por algún deles en calquera caso.

Artigo 10.- Non continuidade do prestación

Ningún taxista deixará de prestar o servizo, sen causa xustificada, debendo comunicar por escrito o motivo á Alcaldía ou Concelleiro delegado en Tráfico, e ao Presidente da Asociación de Taxis,

Artigo 11.- Vehículos do servizo

1. Unicamente prestarase o servizo co vehículo autorizado na licenza municipal.
2. Calquera cambio nun vehículo deberá ser comunicado e autorizado polo concello.
3. Deberá estar ao día das inspeccións técnicas, seguros e demais obrigas determinadas no RD. 763/1993 e normativa concordante.

Artigo 12.- Réxime supletorio

Todo o non recollido neste regulamento, estará suxeito ao previsto no Regulamento Nacional de Transportes en Automóviles Lixeiros e na normativa autonómica e estatal de aplicación.

Artigo 13.- Tarifas

As tarifas en vigor son de obrigado cumprimento para os titulares da Licencia Municipal.

Artigo 14.- Sancións.-

A) As infraccións por incumprimento de calquer precepto deste regulamento serán sancionadas polos Concello de Rianxo, previa tramitación oportuna, coa suspensión da Licencia Municipal por un período de dez días.

B) Nos casos de reincidencia no tipo infractor incrementarase o tempo de suspensión da licenza municipal en 10 días a maiores por cada vez.

C) Calquera outra infracción non recollida nesta Ordenanza, estará suxeita ao estipulado na normativa autonómica ou no seu defecto, no RD 763/1979, ou outra norma estatal que se aprobe de rango superior ou igual que derogue a esta.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCION CIVIL E MEDIOAMBIENTE do día 30/12/2011, sendo este favorable.

O Alcalde engade a apreciación de que ven sendo un regulamento de mínimos do servizo precisa para licitar de novo as prazas vacantes cara unha mellor garantía na prestación deste.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanessa Martínez Duran, remítese ao expresado no punto anterior da orde do día sobor da necesidade de que o servizo se preste por aqueles que resulten, xunto cos actuais, futuros adxudicatarios das licenzas, que non queden de novo nunha caixa para unha posible transmisión aos seus herdeiros.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que a apoian.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, ratifica o dito.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 17 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA por unanimidade** nos termos desta.-/

5.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL RESPECTO DA FICHA 17 (Centro médico de Taragoña) PREVIO Á CESIÓN DE PARCELA CO EDIFICIO..

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<< Na sesión do Pleno corporativo do día 20/04/2010 adoptouse o seguinte acordo cuxo contido transcríbese deseguido:

"Primeiro: Rectificar o Inventario Municipal de Bens, co obxecto de corrixir a cualificación xurídica que figura no mesmo respecto do edificio no que se ubica o centro de Saúde, debendo ser calificado como patrimonial ao prestarse nel un servizo que non é de responsabilidade municipal.

Segundo: Inscribir o centro de Saúde como patrimonial no Rexistro da Propiedade cara a súa posterior cesión ao SERGAS."

Advertido que a parcela na que se localiza o edificio forma parte da mesma unidade inmobiliaria segundo se detalla na nota informativa expedida polo Rexistrador da Propiedade o día 13/04/2010, e que figura referenciada unicamente na mesma ficha nº 17 do Inventario de Bens municipal do 31/12/1992 e non como ben separado, cómpre aclarar o seu fin de igual xeito que se fixo para o edificio en cuestión.

Así tal e como xa se recollía na parte expositiva do acordo plenario de rectificación aprobado o 20/04/2010, cabe dicir:

"Este ben de titularidade municipal ostenta, entón, a cualificación xurídica de ben de dominio público, o cal estaba destinado ao cumprimento dun fin público.

Sen embargo, a pesares de esta cualificación no inventario municipal, o artigo 4 do Regulamento de Bens das Entidades Locais cualifica como bens de servizo público só os destinados ao cumprimento de fins públicos de responsabilidade das entidades locais.

Neste sentido, non é menos certo que, sen prexuízo de que a parcela e o edificio do Centro de Saúde sexan titularidade do concello de Rianxo, o servizo público de saúde non se atopa comprendido entre as competencias municipais.

En consecuencia, o edificio no que se atopa o Centro de Saúde de Taragoña e a parcela sobre a que se ubica deberían ter sido recollidos no inventario municipal como bens patrimoniais, ao non estar afectos a fin público de responsabilidade das entidades locais."

A rectificación do inventario municipal prevese no artigo 33 do RD 1372/1986, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, sendo o órgano competente para acordala o pleno da corporación, segundo dispón o artigo 34 do mencionado corpo legal.

Emitido informe de Secretaría do 16 de decembro ao respecto.

Sendo este trámite imprescindible para posteriormente proceder á cesión do centro ao SERGAS, esta Alcaldía, propón ao pleno o seguinte

ACORDO:

(Único) Acordar e aclarar que a rectificación da ficha nº 17 do Inventario Municipal de Bens efectuada en sesión plenaria o día 20/04/2010 abrangue o solar no que se empraza xunto co edificio no que se localiza o Centro de Saúde de Taragoña, sendo cualificados ambos bens como patrimoniais ao prestarse neles un servizo que non é de responsabilidade municipal, e constituír ambos bens unha soa finca identificada cun só número de referencia catastral (figurando deste xeito no Rexistro da Propiedade)

Ficha nº 17 Inventario de Bens

CENTRO MEDICO DE TARAGOÑA:

- Nº orde:.....0017.
- Código:110017.
- P.G.C.P.:2023.
- Archivo:1.
- Fecha Alta:..... 31/12/1992.
- Naturaleza:..... Patrimonial.
- Uso: Residencial.....Sanitario.
- Situación:..... Taragoña.
- Destino:clínica.
- Acuerdo:Pleno Corporación.
- Fecha acuerdo:31/12/1992.
- Descripción.....
- Fecha adquisición:..... 01/01/1988.
- Título adquisición:..... compra.
- Registro:.....
- Tomo:.....
- Libro:.....
- Folio:.....
- Finca:.....
- Referencia catastral:.....

- Linderos frente:.....	carretera.
-Linderos espalda:	T.P.
-Linderos izquierda:	T.P.
-Linderos derecha:.....	T.P.
-B.rasa:.....	0,00.
-S.rasa:	154,00.
-Superficie:	154,00.
-Año construcción:	1988.
-Estado:	6
-Coste constr.....	: 9982975
--Solar:.....	1122,00
--O.Solar +constr.....	10291525
-Obras y mejoras:.....	-----
-F.mejoras:.....	-----
-Coste mejoras:.....	-----
-Derechos reales a favor:.....	-----
-Derechos reales gravan:.....	-----
-Derechos personales:.....	-----
-Clase Renta produce:XXX
-Renta anual:.....	0
-Cía de seguros:.....	No está asegurado.
-F.Contrato:.....	-----
-Cuota seguro:	0
-Valor seguro:	0
-F.Vencim:.....	-----
-Coste Total:.....	10291525
-V.Catastral:	0
-Amor/ Decrect:.....	-----
-Valor Neto:.....	10291525

>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 30/12/2011, sendo este favorable.

O Alcalde expón a proposta cara a acadar o fin para o que se levaron o ano pasado os trámites do expediente de cesión do centro de saúde. Explica que nun principio cedíase o edificio mailo Sergas solicitaba a parcela xunto con el, de xeito que soamente así asumirían os custos de mantemento. Por ilo antes cómpre efectuar esta aclaración da rectificación de inventario que abrangue o solar xunto co edificio, e pódase posteriormente someter ao pleno a cesión do centro de saúde.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran, di que seguindo a liña de plenos anteriores sobre este tema vanse abster.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que é un paso necesario para continuar co expediente de cesión do centro de saúde.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, manifesta que o BNG, tra-los motivos expostos considera a rectificación formulada sobradamente xustificada para acadar a asunción polo Sergas dos gastos do centro de saúde.

O Alcalde quere advertir que na cesión figurará a reversión si o Sergas non continúa adicando o centro a ese fin.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e 5 do PSOE-PSdeG), 6 abstencións

(os 6 do P.P.) e cero votos en contra, do total de 17 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

6.- MOCIÓNS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, a **Presidencia pregunta se hai mocións.**

Non consta ningunha moción presentada por rexistro de entrada nin se formula no intre.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde ofrece o turno á voceira do grupo do PP.

NOVOS ROGOS E PREGUNTAS

Mª Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, formula os seguintes:

Rogos

***R.1.-** Que espera maior transparencia e democracia nas convocatorias á oposición das sesións, xa que estanse a enterar antes por fora do concello, ou como o caso da comisión informativa do PXOM que o souberon pola prensa.*

***R.2.-** Que se arranxe a balsa de auga que hai en Isorna.*

***R.3.-** Hai unha zanxa no Araño que se desborda coa auga.*

Preguntas

***P.1.-** Que lle explique o levantamento de reparo dunha Resolución da Alcaldía do 18/11/2011.*

***P.2.-** Cando se porá o día o inventario de bens deste concello? Cando se procederá a súa actualización, cando se rematará?*

***P.3.-** Entre novembro e decembro soubo que a arquitecta municipal ía ser despedida, e que había rumores de que o seu posto ía ser desempeñado por un ex-concelleiro, que hai de verdade neso?*

***P.4.-** Que acontece coa traballadora que estaba no Museo Manuel Antonio? e se este vai seguir pechado?*

***P.5.-** Onde se vai ubicar o servizo de protección civil?*

***P.6.-** Por qué esta falta de saneamento unha vivenda unifamiliar de Leiro?*

Non hai mais rogos e preguntas.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS EN PLENOS ANTERIORES

O Alcalde comeza dicindo que había unha pregunta cuxa resposta se solicitara no transcurso do pleno anterior sobre unha factura de 56€. O Alcalde pásalle a palabra ao concelleiro Jose Carlos Gey Hermo.

Jose Carlos Gey Hermo parte de que cando se fan visitas institucionais, ben por parte de conselleiros, ministros, etc, é normal ter algún agasallo posto que estas soen traer consigo cartos para algún proxecto municipal. Así na xoiería Bravo se pode ver que se compraron unhas placas como presente e lembranza dunha visita. Esta é a factura dos 56€ de novembro de 2009 e tratouse dunha cesta con peana para a Conselleira de Traballo na visita que ela fixo a este concello e na que se aproveitou para achegarlle unha memoria de petición dun obradoiro de emprego. De aí a placa que, certamente, figura a súa petición.

A voceira do grupo do P.P. di que non necesariamente cada vez que se vai a un sitio hai que levar un agasallo e non lembra a visita de ningún ministro. Non obstante sí sabe da reserva de lugares públicos para actos políticos.

O voceiro do PSdG-PSOE di que esquece a da Vicepresidenta do anterior Goberno, María Teresa Fernández de la Vega, e se fai falta comprométese a pasarlle unha lista destas visitas.

Rematada a resposta a esta pregunta, o Alcalde di que algúns dos rogos e preguntas déixanse para o seguinte pleno por falta de coñecemento exacto da situación.

Comeza a Alcaldía a responder as formuladas hoxe:

- **P.1.-** O Alcalde di que o reparo era pola esixencia de melloras na contratación daqueles servizos que se solicitan e reciben de cotío, concatenándose, e polo que a interventora municipal require a súa licitación e se está a mirar as necesidades para facelo.
- **P.2.-** O Alcalde di que o do inventario e un proceso difícil, caro e custoso. A Deputación Provincial abrira aí atrás unha liña de apoio aos concellos – xa que son moitos os que están así, non só o de Rianxo- mais agora, coa crise, suspendeuse. Non é algo que poda facer unha persoa soa (vendo vías, baldíos, escrituras, máquinas...). En calquera caso, o inventario tampouco serve para resolver as disputas de carácter civil, se ben claro que axuda a dar claridade, determinación, e por ilo, defensa do patrimonio municipal.
- **P.3.-** A arquitecta realmente estaba contratada como asistencia técnica, e o remate do contrato era porque esa era a data que se había determinado dende un inicio. Se a última normativa estatal permite aprobar a Oferta de Emprego Público ao ser de anos anteriores farase e convocarase a praza. Polo tanto, non houbo despedimento algún nin se prevé que sexa desempeñada polo arquitecto da ARI que xa leva ocupando o posto de arquitecto desta dende antes das eleccións, agora que sí o despide claro que se pode alegar impropiedade de facelo por motivos políticos, como castigo por ir nas listas.
- **P.4.-** Cando se fala de renovar a colección Manuel Antonio é por un acordo coa Fundación Barrié de la Maza para que todo o material expositivo que agora temos (e que é da titularidade desa Fundación) e que esixían cambiar case cada 6 meses os rótulos e explicación da obras, procurouse chegar a outro acordo e esta Fundación e realizar unha reprodución practicamente exacta (non escaneada nin fotografada) de xeito que case non se distinguiría da orixinal coas súas eivas e todo. Leva mais tempo, o que é lóxico, pero así cando se abra a exposición será de toda a colección por enteiro. E en canto á traballadora municipal que prestaba nesta os seus servizos, está no Auditorio na área de cultura á cal pertence, reincorporándose ao Museo de Manuel Antonio en canto reabra. Esperando ter para todo ilo apoio doutras Administracións.
- **P.5.-** Protección civil está provisionalmente no baixo do edificio do Cuartel Vello, e desexaría que houbera un servizo municipal de Grumir pero estase a financiar outros concellos, cando estima que se tocaba a dotación de grupo a Rianxo.
- **P.6.-** Adianta que asinaron tanto responsables municipais como da Xunta de Galicia deixar algúns tramos sen rematar, e de ahí que se teña que ir vendo casa por casa. Di o

Alcalde que foi a Augas de Galicia para pedir que asumiran o de resolver ou parchear o saneamento anterior por un valor de 400.000€ aproximadamente, e respostaronlle que ían priorizar a EDAR. Ou sexa, que vaise ter que ir pouco a pouco solucionando o tema, ir minorando custos de material, ...e o mesmo acontece nas vivendas do Araño, Trazos en Taragoña...

- R.1.- En canto ao reproche que fai a concelleira do PP sobor da Comisión informativa do PXOM, contéstalle que tamén lle sorprendeu que o chamara un xornalista antes de chegar un informe da Xunta de Galicia.
- R.2.- Amósase coñecedor do da balsa de auga, e trasladouse á Deputación para reclamar arranxar esta cuestión e outras necesidades relacionadas co mesmo vial como a de mellorar o da Ponte de Regueiro.....Non obstante, ás veces estase a facer cousas que lle correspondería a outra Administración, mais insiste e que sexan eles porque senón os cartos habería que quitálos doutro lado.
- R.3.- No tocante á zanxa habería que facer unhas barreiras de protección como obra de seguridade que evite os perigos do arcén, sendo un vial da Deputación e ela competente.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:50 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:52 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria.

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo